



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
www.ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

RESOLUCIÓN NÚM. 219/2013, DO 26 DE XULLO, DE CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

ANTECEDENTES

1 Na Resolución núm. 216/2013, do 22 de xullo, aprobei as bases para seleccionar persoal laboral temporal para a brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2 Na base 4.2 consta:

<<(…) 2º Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto. O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40"

Mulleres: 8,20"

Esta proba é eliminatoria.>>

3 Hai un erro no cómputo da marca máxima da proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 105 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común recolle a posibilidade de que os órganos das administracións públicas poidan rectificar de oficio os seus actos en caso de existencia de erros.

Son competente para resolver, de conformidade coa Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Polo anterior, RESOLVO:

1 Rectificar de oficio o erro, de xeito que o texto quedará redactado do seguinte xeito:

<<(…) 2º Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto. O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40"

Mulleres: 8,20"


Esta proba é eliminatoria.>>

2 Sinalar que esta corrección de erros non afecta ao normal desenvolvemento das probas.

Ponteceso, 26 de xullo de 2013

Alcalde

José Luis Fondo Aguiar



Dou fe.
A secretaria



Cristina Castro Fuentes